

**IES ILLA DE SARÓN**  
**DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NATUREZA**

### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Para a avaliación de cada unha das materias do departamento contaremos cunha serie de instrumentos de avaliación:

- ✓ Actividades iniciais de cada unidade que permitan coñecer os coñecementos previos do alumnado sobre o tema a tratar. Os resultados destas actividades condicionarán o punto de partida e a estratexia a seguir.
- ✓ Caderno de traballo: actividades do libro de texto, actividades complementarias propostas polo profesor/a, cuestionarios sobre calquera outro material audiovisual empregado, guións de prácticas de laboratorio, etc..
- ✓ Preguntas orais en clase.
- ✓ Resolución de exercicios no encerado
- ✓ Probas escritas.

### **SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación de cada avaliación obtense adxudicando un:

➤ **80% da nota de avaliación ás probas escritas**

En cada trimestre o profesor realizará unha ou dúas probas escritas (mais se o considerase necesario) nas que se avaliará a correcta presentación, ortografía, e calidade da expresión, ademais dos contidos específicos do trimestre. A nota final será a media aritmética das notas das probas realizadas. Se o alumnado obtén unha **cualificación inferior a 3** en algunha das probas, non se calcula a nota media, a avaliación estará suspensa.

➤ **10% da nota a actividades de clase, de laboratorio e complementarias.**

- ✓ Revisión do caderno de clase (contidos presentes/ausentes, corrección de exercicios e presentación)
- ✓ Grado de resolución de exercicios numéricos, e cuestións teóricas realizadas na aula: no caderno, oralmente ou no encerado.
- ✓ Entrega nos prazos establecidos e adecuada cumprimentación das actividades complementarias e das prácticas de laboratorio.

➤ **10 % da nota á actitude ante a materia**

- ✓ Atención prestada polos alumnos/as durante as intervencións dos compañeiros e o profesor.
- ✓ Participación durante a clase e voluntariedade na corrección de exercicios.
- ✓ Participación na elaboración de traballos en grupo e na posta en común de resultados.
- ✓ Participación e comportamento nas actividades complementarias ou extraescolares programadas polo departamento.
- ✓ Interese por realizar con puntualidade as tarefas encomendadas.
- ✓ Comportamento respectuoso co resto de compañeiros e profesores/as.

## PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN

### ➤ PROBAS DE RECUPERACIÓN TRIMESTRAIS:

- Se un alumno/a non acada unha cualificación igual ou superior a 5 en algunha das avaliacións terá dereito a unha proba de recuperación que se realizará ó comezo do seguinte trimestre.

### ➤ PROBA FINAL DE RECUPERACIÓN EN XUÑO:

- Os alumnos/as con **1 avaliación suspensa** poderán ter unha 2ª oportunidade de recuperar os **contidos non superados**, nunha proba final a realizar en xuño.
- Os alumnos/as con **2 ou 3 avaliacións suspensas** poderán realizar unha proba final de **tódolos contidos** impartidos durante o curso, no mes de xuño.

A proba final de xuño constará de exercicios numéricos e cuestións teóricas das unidades didácticas impartidas nas avaliacións correspondentes. A nota final obterase aplicando o 80% á nota do exame de recuperación mais as porcentaxes correspondentes a unha valoración global de actividades e actitude en cada avaliación.

Un alumno/a **aprobará a materia en xuño** se:

- **Obtén unha cualificación igual ou superior a 5 nas tres avaliacións** (nas probas ordinarias ou nas probas de recuperación).
- **A cualificación final, resultado de calcular a media aritmética das tres avaliacións, é igual ou superior a 5**, sempre e cando non teña unha cualificación inferior a 3 en ningunha das avaliacións. Neste caso os contidos non superados nesa avaliación poden recuperarse na proba final de xuño.  
**A media aritmética calcularase usando para calcular a media de cada avaliación a nota mais alta obtida en cada proba de contidos (ordinaria ou extraordinaria).**  
O alumno/a que aprobe a materia en xuño, e obtivera unha cualificación baixa en algunha avaliación, pode presentarse ó exame final para intentar subir nota examinándose dos contidos desa avaliación. A media aritmética calcularase de novo usando a nota mais alta das dúas obtidas, na proba ordinaria e na proba final.
- **Obtén unha cualificación final igual ou superior a 5 despois de realizar o exame final de recuperación de toda a materia en xuño.**

Os alumnos/as que non superasen a materia en xuño terán unha **convocatoria extraordinaria en setembro**. Este proba extraordinaria constará de exercicios numéricos e cuestións teóricas das **unidades didácticas impartidas durante todo o curso**. **A cualificación final da avaliación extraordinaria será a nota do exame**. Para aprobar a materia en setembro a nota debe ser igual ou superior a 5.

- *Ó comezo do curso escolar os profesores/as das distintas materias asinadas ó Departamento, informarán a cada curso dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, con especial referencia ós contidos mínimos (estándares de aprendizaxe mínimos) exigibles para obter unha valoración positiva na materia, así como dos procedementos de avaliación: instrumentos de avaliación e sistema de cualificación. Un resumo desta información estará colocado nos taboleiros de anuncios de cada clase.*
- *Durante o curso escolar os profesores/as e en última instancia o xefe de Departamento facilitarán aquelas aclaracións que sobre o establecido nas programacións didácticas poidan ser solicitadas polos alumnos/as e os seus pais ou titores.*
- *Os alumnos/as e os seus pais/nais ou titores poderán solicitar a revisión da cualificación final obtida nun area ou materia ou da decisión de promoción ou titulación adoptada para o alumno/a, de acordo co establecido na Orde do 28 de Agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos/as de Educación Secundaria obrigatoria e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos (BOE 20/09/95).*